



ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA

#PorUnhaUSCDigna

Quen somos?

A AIC é un colectivo de persoal vinculado á investigación na USC que ten como obxectivo defender o dereito a unha carreira profesional digna.

Que está ocorrendo?

A USC está precarizando ao persoal investigador contratado a través de convocatorias públicas (predoutoral e posdoutoral):

- Salario mínimo por debaixo do fixado pola propia normativa da USC en 2016, como, por exemplo, no caso dos investigadores predoutorais: FPU, FPI, Xunta de Galicia...
- Non aplicación das subas salariais anuais, acordadas pola propia Universidade e que se aplican á maior parte dos colectivos

-Negativa á indemnización por extinción de contrato, algo que si se pagaba por parte da USC ata o ano 2016

En que se traduce?

Por exemplo unha investigadora predoutoral contratada con financiamento do Ministerio (FPU/FPI) está percibindo 1.006,76 €/ano menos que o salario mínimo que establece a propia Universidade. Sen esquecermos da indemnización por extinción de contrato, aproximadamente 2.000 €.

Que demandamos?

Que todos os investigadores en formación teñan os mesmos dereitos con independencia de quen cofinancie os seus contratos.

Que estamos a facer?

Desde a AIC estamos intentado visibilizar esta problemática e a necesidade de loitar polos nosos dereitos laborais. Para iso deseñamos unhas camisetas **#PorUnhaUSCDigna** que propoñemos levar os **#MartesNegros**.

Ademais, chamamos a realizar unha concentración:

Xoves 28 de febreiro ás 11.30
Diante da Reitoría (Colexio de San Xerome)
Acode coa túa camisola negra

	PERSONAL DISCRIMINADO*	OUTRO PERSONAL DA USC
Salario mínimo garantido na normativa da USC	X	✓
Subas salariais	X	✓
Indemnización por extinción de contrato	X	✓
Antigüidade (trienios)	X	✓
Dereitos por convenio laboral	X	✓
Matrícula no CLM	X Sen descontos	✓ Gratuidade total
Matrícula gratuita en titulacións da USC	⚠ Só para a persoa. Esíxese antigüidade	⚠ Para a persoa e familiares. Non se esixe antigüidade
Participación en eleccións ao claustro	⚠ Esíxese antigüidade	⚠ Non se esixe antigüidade

* Algunhas persoas poden ter algún dereito xa conseguido grazas a reclamacións e acordos anteriores.

Únete ás nosas reivindicacións!

A carreira investigadora é o noso presente pero tamén é o teu futuro.

Se queres saber máis podes contactar connosco a través do email e tamén podes seguirmos en Facebook e Twitter.



@investigadorascompostela

investigadoras.usc@gmail.com



@AsembleaUSC

<https://assembleadeinvestigadoras.ga>

